

Convocatoria de admisión, matrícula e avaliación nas ensinanzas de grao para o curso 2025/2026

Esta convocatoria ten por obxecto regular os procesos relacionados coa admisión, matrícula e avaliación que implican a toda a comunidade universitaria, en especial ao estudantado. Na Universidade de Vigo (en adiante UVigo) preténdese que este colectivo faga uso da tecnoloxía dixital para iniciar estes trámites e que o persoal vinculado a cada un dos procesos poida actuar, á maior brevidade posible, coa eficiencia, eficacia e seguridade necesarias.

Con tal fin, unha vez identificados estes procesos e definidos os procedementos, aqueles que así o indique esta convocatoria terán que iniciarse na sede electrónica, polo que será necesario posuír algún [medio válido de identificación electrónica](#). Para menores de 18 anos admitirase a presentación por representación legal documentada (pai, nai ou persoa titora legal). Será imprescindible indicar un enderezo electrónico válido xa que é o medio polo que se farán os avisos das notificacións.

De xeito excepcional para estes procedementos, as persoas de nacionalidade extracomunitaria sen residencia en España, poderán usar medios de acceso á sede electrónica alternativos, para o cal deberán enviar un correo electrónico a extranxeiros@uvigo.gal antes de iniciar a tramitación da solicitude e con antelación suficiente ao día de peche do prazo de presentación.

O colectivo de estudantes de grao está formado por estudantado de inicio e de continuación, de mobilidade nacional e internacional e por persoas tituladas por universidades estranxeiras que precisan completar o trámite de homologación do seu título para que teña validez en España. En función de cada caso terase en conta que:

- Para iniciar un grao deberase obter praza a través de calquera dos [procedementos de admisión](#) establecidos na norma primeira.
- Para continuar matriculándose nos mesmos estudos non se poderá incorrer nalgún dos impedimentos de matrícula establecidos no apartado 2.1.2
- Para realizar requisitos formativos complementarios previos á homologación dun título universitario estranxeiro ou para cursar programas de [mobilidade nacional e internacional](#) haberá que iniciar os trámites segundo o establecido para cada caso nos apartados 1.8 e 1.12 da norma primeira

Por todo o exposto e en cumprimento do regulado nos [estatutos](#), nas [normas de xestión académica para titulacións de grao](#), na [normativa de permanencia e progreso](#), no [acordo de admisión de estudantes con estudos universitarios oficiais de grao iniciados na Universidade de Vigo ou noutra universidade española](#) e, no [regulamento sobre a avaliación, a cualificación e a calidade da docencia e do proceso de aprendizaxe do estudantado](#), **esta reitoría resolve** establecer as seguintes normas nas ensinanzas oficiais de grao para o curso 2025/2026:

Norma primeira. Admisión

Para ser admitida ou admitido nunha titulación de grao, ademais de cumprir cos requisitos de acceso ás ensinanzas oficiais de grao previstos no [Real Decreto 534/2024](#), é imprescindible coñecer cal é o procedemento a seguir para obter unha praza de novo ingreso, para realizar un traslado ou para solicitar un cambio na xestión dun expediente, os prazos para facelo e, de selo caso, a previa superación de probas específicas ou a necesidade de acreditar un nivel de competencia en [lingua inglesa](#).

Na relación anual de oferta de prazas, ademais do número ofertado para cada procedemento, reflíctense os criterios e/ou requisitos de selección para acceder.

En función de cada situación e posibilidades poderase elixir entre os seguintes procedementos de admisión:



Convocatoria de admisión, matrícula e avaliación nas ensinanza de grao para o curso 2025/2026

1.1 Preinscrición

A preinscrición non se fai directamente na UVigo senon que se realiza de forma telemática na aplicación informática NERTA do Sistema Universitario de Galicia nos prazos establecidos pola Comisión interuniversitaria de Galicia (en adiante, CiUG). A asignación de prazas é competencia da CiUG, e calquera reclamación deberá dirixirse a esa comisión. As unidades administrativas que facilitan a información relativa a este proceso son os LERD.

1.2 Proceso de selección para o Centro Universitario da Defensa (CUD)

A oferta e normas para o ingreso no CUD rexeranse pola resolución do Ministerio de Defensa publicada no BOE para cada curso académico. O perfil de ingreso e toda a información relacionada con estes estudos atópase dispoñible na Escola Naval Militar.

1.3 Recoñecemento dun mínimo de 30 créditos

A admisión a través do recoñecemento dun mínimo de 30 créditos iníciase na sede electrónica e resólvese polo órgano de dirección do centro de estudos, de acordo co disposto no acordo de admisión de estudantes con estudos universitarios oficiais de grao iniciados na Universidade de Vigo ou noutra universidade española e no regulamento de recoñecementos de créditos académicos nas titulacións de grao e de mestrado na Universidade de Vigo. En ningún caso poderá admitirse a estudantes nun plan de estudos en proceso de extinción se se precisa cursar algunha materia da que non se imparta docencia.

Os requisitos e os prazos para tramitar as solicitudes dependen dos estudos de procedencia:

1.3.1 Estudos universitarios oficiais e de ensinanza artísticas superiores de procedencia españois

É imprescindible que en ambos casos os estudos estean iniciados e non finalizados. A persoa admitida por esta vía, unha vez matriculada, ten a obriga de solicitar o traslado do expediente académico na universidade de orixe.

1.3.2 Estudos universitarios oficiais de procedencia estranxeiros

Poderá solicitar a admisión por esta vía quen proceda de estudos de educación superior estranxeiros que cumpran os criterios fixados polo Consello de Universidades e se atope nalgunha das seguintes situacións:

1.3.2.1 Non concluídos

Acreditase que os estudos cursados non conclúen coa obtención do título.

1.3.2.2 Concluídos

Cando os estudos de educación superior realizados conclúen coa obtención dun título universitario estranxeiro será necesario que a persoa interesada non teña solicitado e declare que non vai solicitar a homologación do mesmo por un título universitario oficial español nin a equivalencia da titulación a nivel académico universitario oficial español. No caso de que xa o solicitara con anterioridade, deberá posuír unha resolución desfavorable á homologación na que conste expresamente a posibilidade de validar eses estudos.

É necesario adiantar o proceso de admisión deste colectivo, tanto as datas de presentación de solicitudes como as de ditar resolución xa que, o estudantado estranxeiro precisa dunha admisión firme para facer outros trámites legais, en moitos casos necesarios, para poder matricularse en prazo.



Convocatoria de admisión, matrícula e avaliación nas ensinanza de grao para o curso 2025/2026

O procedemento relativo á vía de admisión atópase publicado no [taboleiro electrónico](#) con anterioridade á data de publicación e entrada en vigor da convocatoria de admisión e matrícula de cada curso académico. O prazo é durante os meses de marzo e abril anteriores ao comezo de cada curso.

Con carácter xeral, para o recoñecemento de créditos terase en consideración a adecuación nos resultados da aprendizaxe, atendendo á coherencia académica e formativa dos coñecementos, ás competencias e ás habilidades que definen as materias ou disciplinas que se vaian recoñecer na titulación de orixe coas existentes no plan de estudos da titulación de destino. As materias recoñecidas terán equivalencia en puntos correspondente á cualificación obtida no centro estranxeiro de procedencia. A resolución terá validez mentres estea en vigor o plan de estudos da titulación obxecto de recoñecemento, aínda que a admisión só terá efecto no curso académico para o que se solicite.

Quen obteña recoñecementos pero non unha praza por non dispoñer de suficientes para esta vía, poderá solicitar admisión a través do procedemento 1.1 desta norma. Neste suposto, e cando o recoñecemento sexa de menos de 30 créditos, os estudos de acceso á universidade de procedencia deberán ser homologados aos correspondentes ao bacharelato do sistema educativo español.

Poderá esixírselle unha proba de idioma ás persoas que non teñan como lingua oficial o castelán.

1.4 Retomar unha titulación trasladada

Quen iniciara unha titulación de grao nesta universidade e, logo de trasladar o seu expediente académico a outra universidade ou a outra titulación da UVigo, desexe **retomar** eses estudos no mesmo centro no que os iniciou, terá que solicitalo iniciando o procedemento na [sede electrónica](#).

Os centros poderán readmitir estudantes na titulación que desexen retomar sempre que se teñan superados nela un mínimo de 6 créditos. Neste cómputo non se terán en conta os créditos obtidos por recoñecemento.

No suposto de que o plan de estudos estea en proceso de extinción, e sempre que se teña que cursar algunha materia da que non se imparta docencia, a readmisión tería que facerse mediante a adaptación ao último plan de estudos implantado na titulación.

1.5 Adaptación por extinción dun plan de estudos

O proceso de adaptación permite ao estudantado afectado pola extinción do seu plan de estudos poder continuar os mesmos estudos no novo plan. Poderá solicitarse en calquera momento do ano aínda que, dependendo da data na que se inicie a tramitación na [sede electrónica](#), non sempre será posible formalizar matrícula para ese curso.

Antes de iniciar a tramitación é importante consultar o calendario de extinción e de implantación do novo plan dado que a posibilidade de matrícula pode verse limitada. O habitual, cando se implanta un novo plan, é que comece só o primeiro curso, polo que quen decida adaptarse pode non ter suficientes materias para cursar e non lle interese cambiar ata que estean implantados os cursos superiores.

Cando exista máis dun plan de estudos en vigor, e mentres o último non estea implantado na súa totalidade, poderase elixir a que plan adaptarse, tendo en conta que non será posible matricularse de materias sen docencia. A elección xa non será posible cando o último plan verificado estea implantado na súa totalidade.

A resolución dunha adaptación de plan de estudos farase aplicando as táboas aprobadas para este fin e, quen estea descontento co resultado deberá dirixir o recurso de reposición ao mesmo órgano que resolve.

1.6 Cambio na xestión do expediente

Contémplase o cambio da custodia dun expediente académico nos seguintes casos:



Convocatoria de admisión, matrícula e avaliación
nas ensinanza de grao para o curso 2025/2026

1.6.1 Cando o mesmo título de grao se imparte en máis dun centro da UVigo

O [regulamento polo que se establece o réxime de cambio de centro en titulacións de grao co mesmo plan de estudos](#) di que non se poderá acceder ao mesmo grao en distinto centro mediante ningún tipo de admisión diferente ao de cambio de centro. Se algunha persoa resultase admitida a través doutro procedemento deberá saber que o Servizo de Xestión de Estudos de Grao iniciará de oficio o procedemento de anulación da matrícula no novo centro.

Quen curse un plan de estudos impartido en máis dun centro desta universidade e desexe cambiarse de centro só poderá continuar os mesmos estudos noutra facultade ou escola, se se lle asigna unha praza a través deste procedemento de admisión. A tramitación iniciárase segundo o establecido na [sede electrónica](#).

Tendo en conta as prazas ofertadas para esta vía de admisión, resolverase por delegación reitoral polo órgano de dirección do centro de estudos, de acordo co disposto no mencionado regulamento.

1.6.2 Cando un plan de estudo de grao se imparte conxuntamente con outra/s universidade/s

Quen curse un grao interuniversitario cun programa docente elaborado e actualizado conxuntamente polas universidades participantes a través dun convenio de colaboración académica, poderá iniciar o procedemento de cambio da custodia do seu expediente sempre que o mencionado convenio recolla esta posibilidade.

Para iniciar este procedemento é necesario que a persoa interesada reúna os requisitos establecidos na normativa de permanencia da UVigo. O trámite realizarase na [sede electrónica](#).

Tendo en conta as prazas ofertadas para esta vía de admisión, resolverase por delegación reitoral polo órgano de dirección do centro de estudos, de acordo co disposto no mencionado convenio.

1.6.3 Cando un plan de estudo ten máis dunha modalidade de docencia ou impártese en máis dun idioma

Cando se imparta un plan de estudos con máis dunha modalidade de docencia ou en máis dun idioma, o órgano de dirección do centro poderá conceder o cambio a quen o solicite sempre que a persoa solicitante cumpra a normativa de permanencia e progreso. A tramitación iniciárase segundo o establecido na [sede electrónica](#).

1.7 Curso de adaptación ao grao (curso ponte)

Quen estea en posesión dun título de diplomado, de mestre ou de enxeñeiro técnico e desexe obter o correspondente título de grao deberá realizar o curso ponte. O [cadro coa oferta](#) de prazas indica as direccións electrónicas onde se pode consultar se existen ou non criterios específicos de selección e/ou outros requisitos. A admisión solicitarase segundo o establecido na [sede electrónica](#).

Cada centro constituirá unha comisión de valoración das solicitudes admitidas a través que estará integrada como mínimo por un presidente, tres vogais (dous membros do profesorado e un membro do persoal de administración e servizos) e un secretario. Poderase determinar que a comisión de recoñecementos e validacións asuma este procedemento. Resolverase ponderando os criterios de selección segundo o baremo aprobado para cada caso.

A nota media calcularase de acordo co protocolo de colaboración subscrito entre a consellería e as universidades galegas para a valoración dos expedientes académicos, [resolución da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria](#) e ao establecido no [Real Decreto 1125/2003](#).

O Traballo de Fin de Grao (TFG) en ningún caso poderá ser obxecto de recoñecemento.

Cando a memoria de verificación así o indique, nos casos nos que a titulación contemple a incorporación de mencións, o título de grao obtido non supón a obtención de ningunha delas. Neste suposto, quen unha vez rematado o curso, desexe obter unha mención, deberá cursar o total de créditos optativos da mención que corresponda. 1.8.



Convocatoria de admisión, matrícula e avaliación nas ensinanza de grao para o curso 2025/2026

1.8 Requisitos formativos complementarios (RFC)

O [Real Decreto 889/2022](#), de 18 de outubro establece as condicións e os procedementos de homologación, de declaración de equivalencia e de validación de estudos de sistemas educativos estranxeiros.

Cando nunha proposta de resolución sobre a homologación dun título se mostran carencias de coñecementos e de competencias, ou de prácticas académicas determinadas, equipararanse os contidos formativos entre a titulación estranxeira e a española con RFC. Estes poderán consistir, na realización dun período de prácticas académicas, na superación dunha proba de aptitude, na elaboración dun proxecto ou traballo académico ou técnico e/ou na superación de determinados cursos académicos.

Quen posúa unha resolución de concesión condicionada dunha homologación que requira a superación de RFC, ao realizar a solicitude de admisión, poderá elixir dependendo do ofertado polo ministerio aínda que, a admisión dependerá da dispoñibilidade que teña o centro de estudos para ofrecer o correcto desenvolvemento deste requisitos.

O trámite iniciárase na [sede electrónica](#). Na UVigo non se admitirán solicitudes se non está implantado o título oficial español ao que se pretende homologar.

Quen resulte admitido poderá matricularse nos seguintes cursos sempre que sexa dentro do prazo outorgado na resolución ministerial, xa que en ningún caso o prazo máximo no que debe producirse a superación dos RFC poderá verse ampliada.

1.9 Cursar unha mención

Cando o plan de estudos dunha mesma titulación de grao oferte diferentes mencións as persoas tituladas, unha vez rematados os estudos, poden solicitar cursar outra mención no mesmo centro ou nun centro diferente da UVigo. Tamén, persoas graduadas por outras universidades teñen a posibilidade de acceder a cursar unha mención nalgunhas destas titulacións.

O trámite iniciárase en sede electrónica distinguindo entre [cursar unha mención sendo persoa titulada na UVigo](#) e [cursar unha mención sendo persoa titulada noutra universidade española](#). En ambos casos, as solicitudes resolveranse por delegación reitoral polo órgano de dirección do centro.

Non se poderá cursar a mesma a mención dúas veces, aínda que se oferten as mesmas materias en linguas distintas.

1.9.1 Graduadas e graduados pola UVigo

Esta opción é para quen rematara as titulacións de Grao en Educación Infantil, de Grao en Educación Primaria ou Grao en Dereito, e desexe cursar unha mención noutra facultade ou escola da UVigo. Neste caso, unha vez se remate a nova mención, poderase solicitar a inclusión desta no título expedido pola UVigo.

1.9.2 Graduadas e graduados por outra universidade española

Esta opción só é para a titulación que habilite para o exercicio da profesión de Mestre en Educación Infantil ou de Mestre en Educación Primaria. Neste caso, unha vez rematada a mención, esta constará nunha certificación académica persoal e non no título expedido pola outra universidade española.

1.10 Incorporación a un programa académico de simultaneidade de dobres titulacións con itinerario específico

Quen curse un dos graos obxecto dun programa académico de simultaneidade de dobres titulacións con itinerario específico (en adiante Programa de Simultaneidade) poderá solicitar incorporarse á outra titulación e cursar ambas de forma conxunta. Esta incorporación réxese segundo o establecido na normativa vixente sobre este tipo de estudos da UVigo.



Convocatoria de admisión, matrícula e avaliación nas ensinanza de grao para o curso 2025/2026

Así mesmo quen curse un programa de simultaneidade e cumpra co establecido na normativa poderá optar por continuar só nunha das dúas titulacións iniciadas e abandonar a outra.

En ambos casos o trámite iniciárase en [sede electrónica](#) e as solicitudes resolverase de acordo co disposto na mencionada normativa.

1.11 Prazas sobrantas

A oferta das prazas non cubertas polo procedemento de preinscrición, unha vez se teña constancia de que non haxa nin estudantado convocado nin lista de agarda, publicarase no [taboleiro electrónico](#). Calquera persoa que cumpra co requisito de acceso á universidade poderá solicitar unha praza segundo o establecido no procedemento.

O trámite iniciárase segundo o establecido na [sede electrónica](#). É imprescindible indicar o nome da titulación á que se quere acceder e cubrir o formulario obrigatorio para completar a tramitación. Tanto as solicitudes que non indiquen o grao para o que se fai o trámite, como as que non presenten a documentación obrigatoria segundo cada caso, serán desestimadas.

A asignación de prazas farase por orde de chegada en función da data e hora de entrada na sede electrónica da Uvigo. Na asignación, terá prioridade quen non teña matrícula formalizada noutra titulación oficial polo que, quen precise solicitar a simultaneidade de estudos quedará en espera de asignación de praza ata o final do proceso.

As solicitudes tramitaranse no Servizo de Xestión de Estudos de Grao, resolveranse mediante resolución reitoral e as notificacións faranse mediante comparecencia en sede electrónica.

1.12 Mobilidade nacional e internacional

A admisión do estudantado de intercambio realizarase de acordo co disposto nos programas, convenios ou acordos establecidos para tal fin. A [Oficina de Relacións Internacionais](#) (ORI) xestiona a mobilidade dos programas de intercambio da comunidade universitaria.

Existen diversas posibilidades para o estudantado de intercambio en función das súas preferencias e diferentes situacións (ERASMUS+, SICUE, ISEP, COU, GE4, etc.). As unidades administrativas dos centros darán de alta as correspondentes admisións na aplicación informática de conformidade co establecido no respectivo convenio, acordo ou programa e, segundo o contrato de mobilidade asinado.

A admisión do estudantado estranxeiro VISITANTE realizarase, por delegación reitoral, cunha resolución individualizada da vicerreitoría con competencias en relacións internacionais, previo informe da persoa responsable das relacións internacionais do centro de destino.

Nas prazas ofertadas móstranse os plans de estudo de grao que poden realizarse a través dun convenio de recoñecemento mutuo (PARCEIROS). Para obter máis información relativa a este tipo de admisión hai que consultar directamente no centro de estudos onde se impartan as titulacións indicadas con esta posibilidade.

Norma segunda. Matrícula

A matrícula, para cada curso académico, estará condicionada polas obrigas e condicións establecidas no correspondente plan de estudos e, entenderase feita sen prexuízo das posibles incompatibilidades cos horarios de clases e exames determinados polos centros para cada titulación de acordo coas necesidades dos seus programas de estudo. O exercicio do dereito de matrícula non obrigará en ningún caso á modificación do réxime de horarios ou datas de exames determinados en cada centro de acordo coas necesidades da súa planificación.



Convocatoria de admisión, matrícula e avaliación nas ensinanza de grao para o curso 2025/2026

Os [chamamentos](#) de formalización da matrícula para o estudantado que accede a primeiro curso polo procedemento de preinscrición serán os establecidos pola CiUG. A UVigo non permitirá que se ocupe unha praza de novo acceso a quen xa estivera matriculada ou matriculado nesa mesma titulación nun curso anterior. De detectarse algún caso que incumpra esta prohibición, aínda que se teña unha admisión da CiUG, iniciárase de oficio o proceso de anulación total de matrícula. Non poderá alegarse ter trasladado o expediente xa que para este caso existe a vía de admisión 1.4, nin estar afectado pola extinción dun plan de estudos anterior xa que o procedemento a seguir é o descrito no apartado 1.5, nin o suposto de abandono da titulación xa que a universidade non obriga a formalizar matrícula en cursos consecutivos.

O estudantado de continuación ten que matricularse no prazo ordinario a través do [portal académico](#).

Quen precise algunha necesidade específica de apoio educativo deberá aportar, na sede electrónica, o [formulario](#) do Servizo de Extensión Universitaria para que a UVigo dispoña dos datos necesarios para facilitar os servizos e recursos específicos.

2.1 Requisitos e impedimentos

2.1.1 Requisitos para matricularse

O estudantado de inicio deberá ter adxudicada unha praza para poder formalizar a matrícula no prazo que para cada caso corresponda.

O estudantado de continuación deberá cumprir co esixido pola [normativa de permanencia e progreso](#) nas titulacións de grao e de máster.

A matrícula farase do mínimo de créditos esixido na mencionada normativa e non superará o límite de créditos permitidos para cada caso. As unidades administrativas dos centros comprobarán os datos persoais, as posibles incompatibilidades e impedimentos, a situación do estudantado adaptado e a do estudantado que realizou recoñecementos de créditos tendo en conta que estes non computarán aos efectos do mínimo e máximo requirido. No caso de detectarse algún tipo de incompatibilidade ou incumprimento da normativa, comunicáraselle á persoa afectada co fin de emendar a dita anomalía, iniciando o proceso para regularizar a situación e comunicándollo á persoa interesada. De non obter resposta, a unidade administrativa rectificará de oficio e notificará o resultado á persoa interesada ou, cando proceda, incoará de oficio a proposta de anulación total de matrícula ao Servizo de Xestión de Estudos de Grao.

2.1.2 Impedimentos de matrícula

- Incurrir nalgún impedimento propio do plan de estudos ou na memoria de verificación da titulación como é a perda do dereito á docencia e/ou á avaliación nalgunha materia debido á extinción dese plan. Non se poderá formalizar matrícula en materias de cursos totalmente extinguidos ou por primeira vez en materias nas que non se imparta docencia, nin en materias dun plan de estudos en proceso de implantación se esa materia ou curso non está implantado.
- Incumprir a normativa de permanencia e progreso nas titulacións de grao e de máster.
- Ter o expediente trasladado no momento da formalización da matrícula, salvo que se teña concedida unha simultaneidade de estudos que lle permita matricularse en ambas universidades ou titulacións no mesmo curso académico.
- Ter unha sanción disciplinaria.

2.2 Formalización no portal académico

Habrá que acceder e identificarse, mediante calquera dos medios válidos, no [portal académico](#). O horario de matrícula e de modificación remata ás 23:59 horas do último día de prazo. Neste proceso mostraranse mensaxes



Convocatoria de admisión, matrícula e avaliación
nas ensinanzas de grao para o curso 2025/2026

orientados á comprobación de datos persoais, académicos e económicos e, información relativa á entrega de documentación. O autoservizo permite ao estudantado xestionar a súa matrícula.

Dado que na UVigo non existe o trámite de reserva de praza, a matrícula quedará formalizada desde o momento no que se complete o proceso, se graven os datos visualizados e se xere a liquidación. Como resultado final visualizarase unha mensaxe informativa de confirmación de matrícula e de ter cubertos os datos estatísticos que son de carácter obrigatorio e unha listaxe completa de documentos xerados (resgardo, o resultado da liquidación, etc.) para o seu uso e consulta.

É responsabilidade do estudantado obter e manter activa a súa conta de correo institucional @alumnado.uvigo.gal e actualizar os seus datos persoais e de contacto en cumprimento do Regulamento Europeo de protección de datos de cara ás posibles comunicacións e notificacións electrónicas obrigatorias.

2.3 Formalización presencial

A matrícula presencial no [centro de estudos](#) vai dirixida ao estudantado indicado a continuación e ao que, por motivos xustificadas, non teña a posibilidade de facelo a través do autoservizo. A asistencia presencial nas [unidades administrativas](#) dos centros será de 09:00 a 14.00 horas.

2.3.1 Estudantado do Centro Universitario da Defensa (CUD)

Formularase a matrícula no prazo indicado no proceso de selección.

2.3.2 Persoas admitidas para realizar Requisitos Formativos Complementarios (RFC)

Cando a resolución permita matricularse en máis dunha opción, será a persoa interesada a que opte libremente entre o ofertado polo centro de estudos. Os prazos varían segundo a opción elixida.

Para as modalidades de realización dun período de prácticas académicas, de elaboración dun proxecto ou traballo académico ou técnico e de superación de cursos académicos a formalización será no prazo ordinario de matrícula e, para a modalidade de superación dunha proba de aptitude a formalización pode ser ao longo de todo o curso, sempre que sexa ao menos 15 días antes de que teña lugar a avaliación.

A opción poderá modificarse nos seguintes cursos, aínda que isto non afectará en ningún caso, o prazo máximo de desenvolvemento e superación dos RFC que é o establecido na resolución do Ministerio desde o momento de notificación da resolución.

2.3.3 Estudantado de mobilidade nacional ou internacional admitido

A matrícula formularase segundo o contrato de estudos e no prazo correspondente.

2.3.4 Estudantado da Uvigo de intercambio no curso anterior con cualificacións pendentes no prazo de matrícula

Quen, no prazo ordinario de matrícula, estea pendente das cualificacións das materias cursadas nunha estada de mobilidade no marco dun programa de intercambio no curso anterior, matricularase presencialmente no centro no momento no que conste a recepción das mesmas sen necesidade de resolución previa. Nestes casos, só se poderá optar á avaliación de fin de carreira se a matrícula se realiza antes de que se celebren os exames de todas as materias matriculadas.

2.4 A non formalización de matrícula en prazo

Quen non se matricule dentro do seu prazo precisará dunha autorización previa para facer unha matrícula extemporánea. Estas peticións, dado que supoñen a incorporación con posterioridade ao inicio de actividades xa



Convocatoria de admisión, matrícula e avaliación nas ensinanza de grao para o curso 2025/2026

programadas, non xeran o dereito a repetir as xa realizadas nin á avaliación en datas distintas das previstas. Non se concederán co primeiro cuatrimestre avanzado.

O estudantado de novo acceso con admisións polos procedementos 1.1, 1.3, 1.4, 1.6 e 1.7 que non se matriculara no seu chamamento perde o dereito a facelo con posterioridade. Quen fora admitido polo procedemento 1.1 deberá dirixirse á [CiUG](#) para realizar calquera reclamación. O estudantado admitido polos procedementos 1.3, 1.6 e 1.7 deberá iniciar a tramitación a través da [sede electrónica](#) dirixida á unidade administrativa do centro de estudos correspondente. Estas peticións serán resoltas valorando cada situación en función das súas posibilidades, das prazas non cubertas e das listaxes de agarda e do tempo transcorrido desde o inicio do curso.

O estudantado de continuación de estudos non matriculado en prazo, se desexa matricularse de forma extemporánea, deberá iniciar a tramitación a través da [sede electrónica](#).

En calquera caso, non se resolverán favorablemente as solicitudes de matrícula fóra de prazo por:

- Ter documentación pendente de entrega ou pagamentos pendentes de cursos anteriores.
- Estar iniciado o proceso de xeración de actas de avaliación.
- Solicitar matrícula nun curso anterior ou nalgunha titulación ou curso extinguido.
- Ter o expediente trasladado a outra universidade ou titulación.
- Ter matrícula formalizada nese mesmo curso académico noutra titulación.
- Non ter concedida a admisión para esa titulación.
- Ter finalizados os estudos para esa mesma titulación excepto para cursar outra mención ou intensificación.
- Incurrir nalgún dos supostos establecidos nas normas de xestión académica, na normativa de permanencia, en resolucións, instrucións aclaratorias, nos plans de estudo e/ou sentenza xudicial ou aplicación dunha sanción.

2.5 Dedicación

Ao formalizar a matrícula terase asignada a dedicación a tempo completo, aínda que en cursos anteriores tivera concedida a dedicación a tempo parcial. Cando concorran circunstancias debidamente xustificadas como as indicadas no artigo 3 da [normativa de permanencia e progreso](#), poderase solicitar, a través da [sede electrónica](#), o cambio de dedicación a tempo parcial. O órgano de dirección do centro de adscrición da titulación ou órgano responsable da organización e do desenvolvemento dos estudos do centro será responsable da resolución.

A resolución favorable permitirá, no prazo que esta indique, axustar os créditos para ese curso.

Se a resolución é desfavorable poderase solicitar anulación total de matrícula no prazo establecido. Se a data da notificación da resolución desfavorable impide solicitar a anulación nese prazo, só poderá concedérselle excepcionalmente a anulación total a quen presentara a solicitude de cambio de dedicación no prazo máximo de cinco días hábiles seguintes á formalización da matrícula.

Transcorridos os prazos sen axustar os créditos ou sen solicitar anulación, a matrícula considerase a todos os efectos como a tempo completo. Aceptado e tramitado no expediente académico o cambio a tempo parcial, esta modificación non se reverte durante o curso académico aínda que varie ou deixe de existir a situación inicial que xerou o dereito á modificación da dedicación.

Os recursos interpostos dirixíranse á Comisión de Permanencia e Progreso da UVigo.

2.6 Modificacións

2.6.1 No portal académico

O estudantado poderá ampliar, eliminar ou substituír unhas materias por outras, nos períodos establecidos no apartado 2.6.4, accedendo ao seu portal académico.



Convocatoria de admisión, matrícula e avaliación nas ensinanza de grao para o curso 2025/2026

2.6.2 Nas unidades administrativas dos centros

As [unidades administrativas](#) poderán, a petición do estudantado e sempre dentro dos períodos establecidos no apartado 2.6.4, facer cambios de grupos nas materias matriculadas sempre que existan prazas neles.

Así mesmo poderán modificar a matrícula por situacións derivadas dos procesos de recoñecemento de créditos, de cambios na dedicación, modificacións nos contratos de programas de intercambio de mobilidade e do procedemento de revisión do expediente. Estas modificacións faranse segundo o indicado na resolución correspondente ou segundo o establecido nesta convocatoria.

2.6.3 Impedimentos para realizar modificacións

Ademais de quen teña restrinxido o acceso ao portal académico, non poderá realizar modificacións de matrícula quen sexa estudante de primeiro curso de novo ingreso agás que se lle recoñezan materias ou se lle conceda a dedicación a tempo parcial. Neste último caso só poderán modificar materias dese curso e, unicamente, no prazo indicado na resolución que autoriza axustar os créditos na matrícula.

2.6.4 Períodos

As modificacións faranse nos seguintes períodos:

2.6.4.1 Primeiro período

Poderase modificar a matrícula de calquera materia.

2.6.4.2 Segundo período

Poderase modificar a matrícula só de materias do segundo cuatrimestre.

2.6.5 Tramitación de solicitudes presentadas fóra dos prazos establecidos

Estas solicitudes tramitaranse nas [unidades administrativas](#) dos centros e serán desestimadas por extemporáneas por delegación reitoral polo órgano de dirección do centro, agás nos seguintes casos:

- Cando por ter realizado simultaneamente cos estudos, calquera das actividades recollidas no artigo 4 do regulamento de recoñecemento de créditos aprobado polo Consello de Goberno de 10/10/2016 ou as prácticas extra curriculares e estas se recoñezan ao longo do curso académico, será susceptible de anulación a materia optativa non necesaria para rematar os estudos, sempre que, quen o solicite estea matriculado en 4º curso incluíndo o TFG, a materia a anular non estea cualificada, non se incumpra a normativa de permanencia e, no caso das prácticas extra curriculares, que a solicitude se formalice nos 15 días seguintes ao da concesión do recoñecemento.
- Cando por cambios nos acordos académicos ou contratos de intercambio de mobilidade se solicite a modificación da matrícula nos 15 días seguintes ao da variación do contrato. Este só poderá modificarse durante o primeiro mes do inicio do cuatrimestre de estancia na universidade de destino.

Os recursos interpostos contra as resolucións desestimadas por extemporáneas serán remitidos ao Servizo de Xestión de Estudos de Grao.

Poderán resolverse favorablemente e de xeito excepcional cando se xustifique unha circunstancia sobrevida grave ocorrida unha vez iniciado o curso, sempre que non se solicite dar de baixa algunha materia que teña avaliada provisional ou definitiva en actas e sempre que non se solicite a matrícula nunha materia con posterioridade á data de xeración das actas de cualificación desta. A valoración de cada caso farase oída a vicerreitoría con competencia en materia de estudantes e a Secretaría Xeral.



Convocatoria de admisión, matrícula e avaliación
nas ensinanza de grao para o curso 2025/2026**2.7 Anulación total**

A anulación total de matrícula supón a baixa de todas as materias matriculadas para o curso académico que regula esta convocatoria. Tramitase no Servizo de Xestión de Estudos de Grao e será resolto polo reitor. A petición só poderá iniciarse en [sede electrónica](https://portalfirmas.redsara.es/pf/valida).

Nalgúns casos, como os establecidos no apartado 2.7.2.3 desta norma, será incoada de oficio. É importante ter en conta que o feito de non entregar a documentación obrigatoria e/ou non aboar os prezos públicos de obrigado pagamento e/ou a non asistencia ás actividades académicas e/ou matricularse noutra universidade no mesmo curso académico non implica a anulación automática da matrícula.

2.7.1 Impedimentos para a concesión da anulación de matrícula**2.7.1.1 Non procederá en ningún caso a anulación total de:**

- ter avaliada provisional ou definitiva en actas algunha materia nese curso académico
- ter formalizada a matrícula na modalidade de proba de aptitude (RFC)

Nos casos incoados de oficio ou nos que se xustifique unha circunstancia sobrevida moi grave, e non proceda conceder a anulación total de matrícula debido a que a persoa xa fose avaliada provisional ou definitiva en actas ao longo do curso, valoraranse os prazos e a situación persoal para dar de baixa algunha materia previa comprobación de non ter sido avaliada.

Para a resolución terase en conta a normativa de permanencia, o cambio na dedicación de matrícula e as posibles excepcións para cada caso, oída a vicerreitoría con competencias en materia de estudantes e a Secretaría Xeral.

2.7.1.2 Non procederá a anulación total, salvo que se xustifique unha circunstancia sobrevida grave ocorrida unha vez iniciado o curso, cando:

- se autorizase a matrícula fóra dos prazos establecidos para cada caso
- se xa se concedera unha anulación total nese mesmo curso ou dúas nos tres últimos

2.7.2 Tramitación das solicitudes

É imprescindible indicar ben no apartado de medios de aviso de notificación no momento de iniciar o procedemento, a dirección electrónica válida xa que, é o medio polo que se van facer os avisos de ditas notificacións.

A tramitación, dependendo da data na que se faga a solicitude, poderá demorarse atendendo aos períodos de rexistro na aplicación informática das cualificacións nas actas xa que, unha vez xeradas, é necesaria a previa verificación de que non se concorrera a exames antes de poder resolver.

2.7.2.1 Peticións en prazo

Recibida unha solicitude comprobarase o estado dos importes de obrigado pagamento establecidos no decreto de [prezos públicos](#) da Xunta de Galicia. No caso de que os importes de obrigado pagamento consten como aboados, resolverase favorablemente a petición e farase efectiva a anulación total de matrícula na aplicación informática. Cando eses importes non estean aboados á vez que se resolve a petición xerarase unha nova folla de liquidación cos importes de obrigado pagamento indicándose na resolución que se teñen estes pagamentos pendentes. De non aboar estes importes no prazo establecido, entenderase que a persoa interesada desiste da petición e continuará matriculada.

2.7.2.2 Peticións fóra de prazo

Convocatoria de admisión, matrícula e avaliación nas ensinanza de grao para o curso 2025/2026

Poderán resolverse favorablemente as solicitudes presentadas fóra de prazo só cando se acredite algunha situación das relacionadas a continuación e non se estea nalgún dos casos indicados no apartado 2.8.1.1.

- 1) unha matrícula noutra titulación universitaria oficial española ou nun ciclo formativo de grao superior de formación profesional oficial no mesmo curso académico, aínda que isto non será de aplicación cando se comprobe que esa matrícula formalizouse con posterioridade á data da solicitude de anulación.
- 2) unha circunstancia sobrevida grave ocorrida unha vez iniciado o curso que impida o seguimento das clases teóricas e prácticas e a realización das probas de avaliación. Estas situacións (accidentes, enfermidades u outras que impidan continuar os estudos) estudaranse no Servizo de Xestión de Estudos de Grao que valorará as particularidades de cada caso.
- 3) se quen obtivese a praza polo proceso convocado pola CiUG e solicitara o recoñecemento de créditos en prazo e recibise a notificación da resolución con posterioridade ao remate do prazo de solicitude de anulación de matrícula establecido. Nesta situación poderá concedérselle cando se presente a solicitude de anulación nos dez días naturais seguintes á notificación da resolución de recoñecemento de créditos.
- 4) se é consecuencia dunha recolocación da CiUG nunha praza solicitada en maior preferencia dunha titulación pechada antes de que a persoa interesada tivera que matricularse na titulación para a que solicita a anulación. Comprobarase que non se trata dun cambio de opinión e que se fixo o procedemento de confirmación de interese en permanecer nas listaxes da CiUG ata o peche correspondente.

De non acreditar ningunha das situacións relacionadas resolverase desestimar a solicitude por extemporánea.

O feito de conceder a anulación de matrícula cando se solicita fóra de prazo non eximirá en todos os casos da obriga do pagamento dos prezos públicos adquirida no momento da súa formalización e, salvo que o decreto de prezos públicos da Xunta de Galicia estableza outra cousa, resolverase da seguinte maneira:

Na circunstancia 1) eximirase da obriga de pagamento de tarxeta universitaria e o importe dos créditos do primeiro e segundo cuadrimestre sempre que se demostre que:

- a data da solicitude de admisión na outra titulación é anterior á data de matrícula na UVigo
- a data da resolución de admisión ou da matrícula na outra titulación é posterior á da matrícula na UVigo
- non transcorreran máis de 15 días naturais desde a matrícula na outra titulación ata a presentación da solicitude de anulación total na UVigo

Cando non se demostre o anterior e na circunstancia 2), procederase do seguinte xeito:

- para situacións ocorridas ou solicitudes presentadas durante o primeiro cuadrimestre, aboarase o importe deste, máis as tarifas administrativas
- para situacións ocorridas ou solicitudes presentadas unha vez iniciado o segundo cuadrimestre, procederá o pago completo da matrícula.

Na circunstancia 3) eximirase da obriga de pagamento de tarxeta universitaria e o importe dos créditos do primeiro e segundo cuadrimestre.

Na circunstancia 4) eximirase da obriga de pagamento.

Ademais, nestas peticións extemporáneas, a quen indicase a bonificación por matrícula de honra, a condición de solicitante de bolsa ou axuda ao estudo con cargo aos orzamentos xerais do Estado, da Xunta de Galicia e/ou da UVigo ou, calquera outra exención que non proceda aplicar ou compensar como consecuencia dunha anulación total de matrícula, canceláraselle a tramitación da bonificación, axuda ou exención e requiriráselle o pagamento do importe que corresponda, con anterioridade á resolución da solicitude.

2.7.2.3 Anulación incoada de oficio



Convocatoria de admisión, matrícula e avaliación
nas ensinanzas de grao para o curso 2025/2026

Incoarase de oficio o procedemento de anulación cando se comprobe que non se cumpre algún regulamento ou normativa aprobada polo Consello de Goberno en vigor na UVigo, a memoria do plan de estudos do grao a cursar, a quen obtivera a praza sen reunir algún requisito de acceso, a quen obtivera a praza na mesma titulación que xa tivera iniciada con anterioridade, ou de detectarse un erro material, de feito e/ou aritmético na asignación de praza.

Anularáselle a matrícula en calquera momento ao longo do curso, a quen cause baixa no CUD da Escola Naval Militar de Marín previo informe do órgano de dirección do centro. Para situacións extemporáneas procederase segundo o indicado no apartado 2.7.2.2 para a circunstancia 2).

2.8 Simultanear estudos universitarios oficiais

Ademais da simultaneidade implícita para o estudantado admitido nun programa académico de simultaneidade de dúbidas titulacións con itinerario específico, na UVigo poderase cursar, no mesmo ano académico, dúas titulacións universitarias oficiais. O estudantado de continuación interesado en solicitar unha simultaneidade de estudos terá que iniciar a súa tramitación na [sede electrónica](#) e, esperar á resolución favorable para a formalización da segunda matrícula.

Estas solicitudes serán tramitadas no Servizo de Xestión de Estudos de Grao e resolveranse consonte ao disposto na [Orde](#) do 28 de setembro de 1984, e na [normativa de simultaneidade](#) de estudos da UVigo de 19 de xullo de 2017. Non se poderá superar entre as dúas titulacións o máximo de créditos establecidos na normativa e haberá que esperar a que ao remate do procedemento de preinscrición (1.1) na titulación solicitada se oferte algunha praza na convocatoria de prazas sobrantas ou a que ao remate dos procedementos de admisión por recoñecemento dun mínimo de 30 créditos (1.3), de retomar unha titulación trasladada (1.4) ou de admisión nun curso ponte (1.7), se comprobe que non se cubran as prazas ofertadas xa que, en caso contrario non se concederá a simultaneidade.

2.9 Situacións excepcionais

Cando unha situación excepcional grave xurdida co curso moi avanzado impida continuar o curso de xeito ordinario e non proceda a anulación total de matrícula, intentarase buscar unha solución extraordinaria que permita resolver da forma máis favorable posible, tendo en conta a valoración do centro implicado, da vicerreitoría con competencia en materia de estudantes e a Secretaría Xeral. Estas peticións dirixiranse ao Servizo de Xestión de Estudos de Grao.

Norma terceira. Avaliación

O dereito de inclusión nunha acta de avaliación adquirese coa formalización da matrícula. Só quen figure nela, no momento da súa edición, terá dereito a ser cualificada ou cualificado, non poderá incluírse a ninguén con posterioridade e, en ningún caso se autorizará a matrícula fóra de prazo polo feito de asistir a clase e/ou concorrer ás probas de avaliación xa que ningunha destas situacións son motivo de inclusión.

3.1 Estudantado de inicio, de continuación e de mobilidade nacional ou internacional

Establécese unha única cualificación por curso académico, se ben haberá dúas oportunidades de avaliación conforme ao calendario aprobado polo Consello de Goberno.

A matrícula dará dereito a concorrer ás probas de avaliación de acordo cos calendarios fixados polos centros. Este dereito quedará limitado polas incompatibilidades académicas que establezan os plans de estudo, polas programacións académicas de conformidade coa normativa aplicable ou por algún impedimento regulado na normativa de permanencia ou nas memorias de verificación.

O relativo á avaliación do estudantado que non estea incluído nesta convocatoria rexeráse polo establecido no [regulamento sobre a avaliación, a cualificación e a calidade da docencia e do proceso de aprendizaxe do estudantado](#).



Convocatoria de admisión, matrícula e avaliación nas ensinanza de grao para o curso 2025/2026

3.1.1 Avaliación de fin de carreira

Poderá ser avaliada ou avaliado de fin de carreira quen cumpra os requisitos sinalados a continuación no prazo ordinario de matrícula:

- que resten como máximo 24 créditos xa matriculados en anos anteriores no plan de estudos que estea a cursar. Neste cómputo non se terán en conta os créditos do TFG que poderán matricularse por primeira vez. É importante ter en conta que quen, pola extinción do seu plan, realice o procedemento de adaptación, non poderá ser avaliada ou avaliado de fin de carreira mentres non cumpra este requisito no novo plan adaptado.
- que para a defensa do TFG se poida garantir o mínimo de dedicación necesaria para a súa preparación tendo en conta que, cada ECTS supón 25 horas de traballo, cómpre que dende a data de inicio do curso académico ata a data de defensa do TFG, transcorran un mínimo de 4 semanas para un TFG de 6 créditos (6 ECTS=150 horas=4 semanas) e de 8 semanas para un TFG de 12 (12 ECTS=300 horas=8 semanas).

Os centros verificarán que se cumplan os requisitos para autorizar a presentación e defensa do TFG e establecerán os procedementos de depósito e de celebración das defensas dos traballos de fin de grao dentro dos límites do calendario académico oficial.

Quen non se presente poderá concorrer á avaliación ordinaria e á extraordinaria. No caso de presentarse ás probas e non superar algunha materia, deberá escoller unha delas.

3.1.2 Avaliación ordinaria

Realizarase ao remate de cada cuatrimestre.

3.1.3 Avaliación extraordinaria

Realizarase no período indicado no [calendario académico](#).

3.1.4 Avaliación por compensación

Este procedemento permite a compensación ao final dos estudos, se se acadaron suficientes coñecementos e competencias na traxectoria académica dalgunha materia, que tras ser avaliada con anterioridade, non estea superada.

O procedemento é o establecido no título IX do [Regulamento sobre a avaliación, a cualificación e a calidade da docencia e do proceso de aprendizaxe do estudantado](#) e, quen cumpra os requisitos indicados nela deberá tramitar a súa solicitude na [sede electrónica](#), dirixida á dirección do centro de adscrición da materia que se solicita compensar.

3.2 Estudantado de requisitos formativos complementarios (RFC)

No referente a este procedemento aplicárase o regulado no Real Decreto 889/2022, de 18 de outubro.

Trala avaliación dos RFC os centros notificarán ás persoas interesadas a súa cualificación. Esta, que non será numérica, expresárase no termo **de apto, non apto ou non presentado**. Quen o desexa formulará reclamacións segundo o procedemento establecido no [Regulamento sobre a avaliación, a cualificación e a calidade da docencia e do proceso de aprendizaxe do estudantado](#). Pasado o prazo de reclamación, as actas orixinais remitiranse ao Servizo de Xestión de Estudos de Grao xunto coa copia da resolución ditada polo ministerio. Naqueles casos nos que se produza unha adaptación dos RFC dun plan extinguido á nova estrutura de graos, o centro fará constar dita circunstancia.

Será o Servizo de Xestión de Estudos de Grao quen emitirá unha certificación cos resultados obtidos.

Segundo a opción escollida na formalización da matrícula de RFC, o dereito de avaliación será como a continuación se determina:



Convocatoria de admisión, matrícula e avaliación nas ensinanzas de grao para o curso 2025/2026

3.2.1 Período de prácticas académicas

Cada centro establecerá as condicións de realización do período de prácticas, sendo a duración en horas equivalente ao número de créditos da materia (25 horas/crédito) e debendo iniciarse e concluírse no mesmo curso.

O seguimento e a valoración serán realizados por quen determine o centro. Nomearase un titor ou titora que será docente da universidade e deberá posuír a mesma formación que o título que se pretende homologar. Ao final deste período, unha vez presentada unha memoria ou traballo, será a persoa nomeada a responsable da avaliación.

3.2.2 Proba de aptitude

Aínda que a matrícula da dereito á realización de dúas oportunidades de avaliación por curso académico, que se efectuarán ao remate de cada cuatrimestre, esta posibilidade dependerá sempre da data de formalización da matrícula xa que, os centros non están obrigados a realizar probas de avaliación en datas distintas das previstas. Quen solicite a matrícula unha vez iniciado o segundo cuatrimestre sen que estea iniciado o período de rexistro das cualificacións na actas, poderá concorrer á avaliación ordinaria dese cuatrimestre e á avaliación extraordinaria e, quen o faga unha vez iniciado ese rexistro, só poderá concorrer á avaliación extraordinaria.

Constituirase un tribunal cualificador que estará formado por cinco doutores ou doutoras que impartan ensinanzas nas materias incluídas na proba de aptitude. Todos os membros do tribunal asinarán as actas de avaliación.

3.2.3 Proxecto ou traballo académico ou técnico

Deberá iniciarse e concluírse no mesmo curso.

Desenvolverase baixo a tutela dun director ou directora que establecerá os obxectivos e a liña de traballo. Poderá actuar como tal calquera docente da titulación que, ao final do período, será responsable da avaliación.

3.2.4 Cursos académicos

Deberá iniciarse e concluírse no mesmo curso.

Neste caso o centro nomeará un titor ou unha titora para o seguimento e valoración durante o curso e unha comisión encargada da avaliación final. O titor ou titora avalará ao remate do curso académico unha memoria ou traballo e previo á avaliación da comisión.

Norma cuarta. Disposicións finais

4.1 Comprobación e verificación de datos

As unidades administrativas implicadas nos distintos procedementos, de non existir oposición expresa da persoa interesada, farán uso da Plataforma de Intermediación de Datos das Administracións Públicas para verificar a identidade e a residencia, así como datos do Ministerio de Xustiza cando resulten esenciais.

Así mesmo, cando precisen comprobar datos académicos do estudantado admitido polo procedemento de preinscrición dirixirán as consultas aos LERD e/ou, consultarán UNEDasiss para obter datos do estudantado que, ao realizar as probas de acceso na UNED, non teñen que trasladar o expediente de ditas probas.

4.2 Reclamacións e recursos

As reclamacións ou recursos interpostos relativos aos procedementos incluídos nestas normas resolveranse ao abeiro desta convocatoria e demais normativas e acordos que regulamenten o réxime do estudantado, sen prexuízo das disposicións legais e regulamentarias que sexan de aplicación en cada caso.



Convocatoria de admisión, matrícula e avaliación nas ensinanzas de grao para o curso 2025/2026

Serán a secretaría xeral e as vicerreitorías competentes en materia de xestión académica as que diten instrucións en aclaración e interpretación das normas de matrícula, publicándoas no taboleiro electrónico.

4.3 Entrada en vigor

Esta convocatoria publicarase no [taboleiro electrónico](#) e entrará en vigor para o curso académico 2025/2026.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso ante a Xurisdición Contencioso-Administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na [Lei 29/1998](#), do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa (BOE 14/07/1998).

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da mesma, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso, non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producira a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da [Lei 39/2015](#), do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (BOE 02/10/2015).

En Vigo, na data da sinatura electrónica
O REITOR,

